

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 427/2014

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 04.07.14 procedeuse á apertura dos sobres A e requiríuselle ós interesados para que nun prazo de 3 días, presentasen o sobre B.

Nese prazo o interesado con nº de licitador 2101 desiste do procedemento. Os demais presentan o sobre B.

En data 18.07.14 ás 9:30 horas na Casa do Concello procedeuse á apertura do sobre B e, unha vez puntuadas as solicitudes, confecciónase a seguinte lista provisional coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión.

Á vista do exposto,

RESOLVO

Primeiro: Declarar como listado provisional o seguinte:


Admitido	
Nº licitador	Puntuación
2219	5 puntos

Excluídos	
Nº licitador	Puntuación
1980	Non presentou sobre B
2089	Supera ingresos
2107	Supera ingresos e vivenda en propiedade
2183	Documentación incompleta e vivenda en propiedade

Segundo: Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 10 días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada confeccionarase a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación. No caso de empate, o desempate se realizará tendo en conta que solicitude obtivo unha maior puntuación nos criterios C1, C2 e C4, respectivamente

Terceiro: Que se publique a presente providencia no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asino o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 21 de outubro de 2014, do que, como Secretario, dou fe.



O Alcalde,
Asdo. Perfecto Rodríguez Muíños



O Secretario,
Asdo. Jacobo Barreiro Pimentel